



## **A APDR ESIXE COÑECER OS TERMOS DAS NEGOCIACIÓNS ENTRE A XUNTA E ENCE**

As recentes declaracións efectuadas polo Conselleiro de Medio Ambiente verbo do traslado da factoría de ENCE a outro emprazamento fóra da Ría de Pontevedra, lonxe de nos tranquilizar aos que vimos loitando pola desaparición deste foco de contaminación e desarranxo ambiental e económico da comarca, lévannos a pensar que unha vez mais –como veu ocorrendo cos anteriores gobernos da Xunta de Galicia- o goberno galego non afronta dun xeito decidido este problema e deixa nas mans dos responsábeis empresariais calquera solución de futuro.

Resulta evidente que para Agustín Hernández é ENCE quen ten que tomar unha decisión ao respecto, e así, aínda que fala da existencia dun “calendario preciso” para o traslado, deixa ben claro que “se trata dunha decisión empresarial que ENCE ten que analizar, valorar e tomar as decisións que estime oportunas”. E tira unha conclusión que, sinceramente, déixanos aliviados: ven de descubrir agora o Sr. Hernández que ENCE ten que buscarse outro lugar “como moi tarde no ano 2018”. Como fixeran outros que lle precederon no cargo, pretende facer crer que a data ven fixada polo goberno autonómico cando a realidade é que o 2018 é o ano no que caduca a concesión para a actividade de ENCE en Lourizán, data fixada polo goberno central en función das esixencias da Lei de Costas.

E resulta significativo tamén o empeño dos responsábeis de ENCE por facer crer que a marcha da fábrica de Lourizán ten que ver só coa necesidade de liberar o litoral, coa protección da paisaxe; que nada ten que ver coa situación ambiental da mesma, que –afirman- está a cumprir escrupulosamente coa lexislación vixente, algo repetido ata a saciedade desde a súa chegada á Ría de Pontevedra e repetidamente desmentido por todas as análises realizadas por laboratorios independentes e pola administración. Hoxe os seus vertidos á Ría seguen cumprindo a lei tan escrupulosamente como no 2002 cando foron condenados pola comisión dun delicto ecolóxico e polos danos á saúde das persoas!.

Apunta o Conselleiro Hernández que será ENCE quen propoña á Xunta “o que cre debe solicitar da Administración autonómica polo seu traslado”, como se nas negociacións establecidas entre Xunta e ENCE non houbera ofertas por parte do goberno galego; hainas con seguridade, só que non se fan públicas. E precisamente neste punto queremos incidir; vaia por diante que na APDR seguimos apostando polo fin inmediato e definitivo da actividade industrial do complexo ENCE-ELNOSA, pero, en calquera caso, si existen negociacións coa empresa, é absolutamente necesario que sexan transparentes, que a cidadanía saiba en todo momento non só o calendario e os prazos establecidos pola administración autonómica, senón tamén e sobre todo, as ofertas que desde a Xunta se están a facer a ENCE en forma de incentivos e aportacións económicas. E ten que quedar claro tamén, que si ENCE deixa Lourizán no 2018 non só non poderá recibir nada a cambio, senón que terá que deixar a zona tal e como estaba no momento da súa instalación alá polos anos cincuenta do pasado século, unha esixencia da concesión á que desde logo nós non imos renunciar.

Pontevedra 13 de abril de 2010

Pola APDR, Antón Masa